

## **ASUNTO: SOLICITUDE DE PLENO EXTRAORDINARIO**

María del Carmen Vergara Rey, Manuel Pérez Riola, Emilia Durán Fernández e José Luis Vergara Rey, concelleiros e concelleiras do Concello de Cedeira,

### **EXPOÑEN**

1. Que o artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local establece que “o pleno celebra sesión extraordinaria cando así o decida o presidente/a ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da corporación...”
2. Que o citado artigo limita a tres o número de solicitudes que pode facer un concelleiro no período dun ano.
3. Que os asinantes deste escrito cumpren cos requisitos do artigo 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

### **ARGUMENTAN**

Que o sistema marítimo-fluvial da ría de Cedeira está a sufrir un grave deterioro que esixe de todos os entes sociais, económicos, institucionais e científicos a maior das concurrencias e participación posibles.

Que a mellor maneira de enfrentar a opacidade desenvolvida pola Demarcación de Costas de Galicia e Concello de Cedeira é realizar actividades públicas onde as ideas discurran con liberdade e transparencia.

Que os representantes do pobo están no dereito de enterarse das medidas que as autoridades propoñen polos cauces democráticos. As intervencións contradictorias que o Sr. Rubido verte nos medios de comunicación podennos levar a facernos unha idea equivocada, como así sucedeu neste caso, das verdadeiras intencións que esconde o PP. Non chega coa boa vontade de quen escriben e len os periódicos. Visto o visto, faise imprescindible levantar acta de canto o grupo de goberno expresa.

Que, fronte ao insulto fácil do alcalde de Cedeira a mellor medicina é a convocatória pública e democrática do órgano de máxima representación do pobo, expresado nas urnas, ao que todos e todas podamos asistir, o Pleno da Corporación Municipal.

Que, ao contrario de prácticas sectarias, a mellor receita é outorgar a voz a cantos colectivos e veciñanza desexen expresarse.

## SOLICITAN

A convocatoria de PLENO EXTRAORDINARIO no marco legal establecido na exposición de motivos e co seguinte punto na orde do día:

DEBATER E PROCEDER Á APROBACIÓN POR PARTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE

1. IMPULSAR A REALIZACIÓN DE CANTOS **ESTUDIOS** SEXAN NECESARIOS PARA COMPRENDER A DINÁMICA XERAL DA RIA DE CEDEIRA.
2. ELABORAR CON RIGOR, **MEDIDAS** QUE FAGAN POSIBLE O SEU **APROVEITAMENTO** SOCIAL E ECONÓMICO NUN MARCO DE SUSTENTABILIDADE DO **MEDIO NATURAL**.
3. IMPLICAR A **TODAS AS INSTITUCIÓNS POLÍTICAS** NA SÚA EXECUCIÓN E FINANZAMENTO.
4. CONVOCAR Á **COMUNIDADE CIENTÍFICA**, ESPECIALMENTE **GALEGA**, A PROTAGONIZAR ESTE TRABALLO.

Mari Carmen Vergara Rey

Manuel Pérez Riola

Emilia Durán Fernández

José Luis Vergara Rey

En Cedeira, a 2 de abril de 2014